

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e dous minutos do día once de febreiro de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### **Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup> MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ  
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

### **Polo Grupo Político Popular:**

D. ALFONSO RICO VEREA

### **Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

### **Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión os seguintes concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. María Guadalupe Pombo Carril (do grupo político PSdeG-PSOE)  
D. Miguel Suárez García (do grupo político PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. Izaskun García Gorostizu (do grupo político popular)  
D. Antón Prieto García (do grupo político popular)

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS</b>	

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

O Sr. alcalde-presidente di que se realiza este pleno extraordinario pola urxencia que devén de que o día 11 de febreiro de 2022 remata o prazo para presentar o Plan de Obras e Servizos da Deputación e ata finais da semana non estiveron preparados todos os informes técnicos preceptivos para poder presentar o proxecto do Concello de Culleredo para solicitar estas axudas e por este motivo se convocou a sesión que se está a celebrar incluíndo na orde do día as dúas propostas.

**1.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO DO ANO 2022.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2022 (código de documento UCP16I006C), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2022) no que a este Concello lle corresponden 981.959,32 €

Achega provincial 2022	422.320,51 €
Achega provincial 2021	527.964,77 €
Préstamo provincial 2022	31.674,04 €

Vistas as bases reguladoras, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

**ACORDO**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	422.320,51 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>422.320,51 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2022		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora da intersección da antiga N-550 coa Rúa Alcalde Domingo Sierra (VP-130), coa R/. Xafonte (VP-132), coa R/. Calzada (VP-129) e coa R/. Vicente Risco (VP-128) (COVE 3Z641D5346400C6X0RPV) (DOC. UME15E0412)	474.150,01 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	474.150,01 €
Renovación da rúa Cruces (VP-250) (COVE 6E605Q164X05510U07JW) (DOC.URP14E08UP)	53.814,76 €	10.278,01 €	0,00 €	10.278,01 €	64.092,77 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	527.964,77 €	10.278,01 €	0,00 €	10.278,01 €	538.242,78 €

C.I.F. P-1503100-H

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	0,00 €

**D) Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )	Total concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2022	422.320,51 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	422.320,51 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	527.964,77 €	10.278,01 €	0,00 €	10.278,01 €	538.242,78 €

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS</b>	

<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2022</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>Achega 2022</b>	422.320,51 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	422.320,51 €
	<b>Achega 2021</b>	527.964,77 €	10.278,01 €	0,00 €	10.278,01 €	538.242,78 €
	<b>Préstamo 2022</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>TOTAL</b>	950.285,28 €	10.278,01 €	0,00 €	10.278,01 €	960.563,29 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Regeneración de la plaza Sagrada Familia en Vilaboa. Culleredo (COVE 2H2S2P3N542R1Q4R0X47) (DOC. URP16E015N)	573.752,26 €	0,00 €	573.752,26 €
<b>TOTAIS</b>	573.752,26 €	0,00 €	573.752,26 €

C.I.F. P-1503100-H

3.- Declarar que o concello comprométese a realizar cantas actuacións sexan necesarias para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2022 Base.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo político estará sempre pola labor de desenrolo e desenvolvemento do Concello de Culleredo e di que é triste que o Sr. alcalde leve todo o que vai de lexislatura sen escoitar á oposición e que máis triste aínda é que non escoita tampouco á maior parte dos veciños pois o único que fai é utilizar a súa maioría absoluta para aplicar unha política autoritaria; di que na anterior lexislatura o Sr. alcalde queixábase de que non podía quitar adiante os orzamentos por culpa da oposición e agora, que conta con maioría absoluta, o equipo de goberno non é quen de presentar os orzamentos do ano 2022 a tempo, lembrándolle ao Sr. alcalde que no pleno do día 27 de xaneiro de 2022, o concelleiro que fala, voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, preguntou cando se ía presentar o orzamento e o Sr. alcalde contestou que tiña pensado celebrar un pleno extraordinario o 11 de febreiro de 2022 no que se abordarían conxuntamente o POS e os orzamentos polo que pregunta onde están eses orzamentos do 2022 e para cando estará o PXOM, engadindo que non fai falta lembrar que a política do Sr. alcalde é de cara á galería para facer o que quere e que para iso ten a maioría.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que, como ben acaba de dicir o Sr. alcalde, estase no último día do POS e houbo que aprobar a urxencia para poder tramitalo debido a que está sen ditaminar pois non se someteu á correspondente comisión para poder avaliar con tempo o expediente e ver se todo estaba ben ou se era preciso realizar algunha cuestión adicional ou incluso se había algún voto particular sobre o dito expediente; di que como vén de dicir o Sr. Mourelle, no pleno anterior, o Sr. alcalde dixo que conxuntamente co POS irían os orzamentos e engade que o seu grupo xa non pregunta por estas cuestións pois sempre pasa o mesmo e que o Sr. alcalde anunciou na prensa a finais do pasado ano que na primeira semana do mes de xaneiro levaría o orzamento ao pleno e non pensa nin sequera en dar unha excusa ou explicar por que non o levou no primeiro prazo que o propio Sr. alcalde marcou nin no segundo prazo sinalado tamén por el; di que o POS, o Plan de Obras e Servizos, é un plan de financiamento da Deputación, unha das principais vías de financiamento de infraestruturas e de servizos dos concellos que se fai todos os anos e todos os anos polas mesmas datas, para o que hai que presentar proxectos que sexan acollibles e cunhas características e unhas condicións que permitan ser financiados con cargo a ditos fondos; di que todos os anos é o mesmo e que é increíble que un ano máis se traia ao pleno o último día, a última hora, nun pleno no que se anunciou que ía vir cos orzamentos e agora non é así, pois os orzamentos non están, e o POS terá que integrarse neles cando se presenten, sendo o máis curioso que para determinar as prioridades neste plan non se contou para nada coa participación cidadá que está recollida no regulamento que se modificou respecto da forma de participar e para o que non houbo cabida no caso que se presenta neste punto para debate e votación a pesar de que se está a tratar unha parte moi importante do investimento de Culleredo para o ano 2022.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que é importante aclarar estas cuestións das que falou porque o goberno municipal está propoñendo investir case a metade dun millón de euros en cuestións distintas de obras e servizos determinados pois se propón que quede para gasto corrente, ou sexa, para incluír no capítulo 2 do orzamento, naqueles gastos que o goberno municipal decida en que, sendo que nos últimos anos o gasto corrente gastouse na cantidade de oito millóns dos doce que había en gastos con reparo da Intervención municipal, reparos suspensivos que dician que eses gastos estaban feitos omitindo as garantías esenciais do procedemento de contratación, pedindo agora o equipo de goberno na proposta que presenta neste punto que a cantidade de 422.320,51 euros se ingrese no orzamento para tirar dela como gasto corrente, escapando da necesaria planificación pois estase vendo que se non se planifica e non se dá cabida á participación veciñal, o que desemboca en malas comprensións da veciñanza, seguramente moi xustificadas pois non é normal que a veciñanza pida explicacións e non se lle estean dando, sendo moi curioso que case a totalidade da cantidade restante a leve a obra da rotonda que se propón facer entre Vicente Risco, a Nacional 550, e Domingo Sierra; di que o grupo político do BNG non pon en cuestión que non sexa necesaria esa obra, pois é moi necesaria no dito cruce, pero si di que estaría ben que se valorara a opinión cidadá á hora de determinar e priorizar dunha forma colectiva o que se vai facer e de establecer os ritmos para facelo; di que é moi curioso tamén que no POS complementario vaia unha proposta non para que sexa financiada xa senón para agardar por un financiamento futuro que iría con cargo a

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

remanentes, é dicir, a sobrantes de licitación, a obras que non se licitan, etc; di que as bases do POS din que nese punto hai que incluír unha obra que supere a metade do importe total polo que ten que exceder da metade de case un millón e que o equipo de goberno o que propón é a reforma do parque da Sagrada Familia, comentando veciños da zona que nese parque non se para de facer cousiñas aos poucos, sendo a última o arranxo dun cacho de beirarrúa, e resulta que no expediente hai unha anotación nun informe do xefe de obras que di que unha parte da obra xa está executada polo que habería que eliminala do proxecto, sobre todo ao ser unha revisión do mesmo, dicindo que se executou no verán o tramo coa antiga N-550, o que quere dicir que o equipo de goberno tiña un proxecto que só el coñecía e do que fixo unha pequena separata que realizou e que, se non recorda mal, foi unha desas que levou un reparo porque non se someteu a licitación, engadindo que o goberno municipal separou un cachiño desa obra, buscando que non chegara aos 50.000 euros pois por riba desa cantidade é obrigatorio sometelo a licitación pública, e a continuación esqueceulle e incluíronno de novo no proxecto do plan complementario.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que cando fala de ausencia de planificación refírese a que se produzan este tipo de cousas pois non é normal estar así, construíndo un Concello a base de improvisación e a base de ausencia de participación pública, porque ao final as cousas acaban saíndo por un lado ou por outro, e isto xa se está vendo agora en Vilaboa con toda a revolta que se está formando por todo o que se está falando sobre se se suprimen ou non se suprimen aparcamentos, e lle pregunta ao Sr. alcalde como pode crerlle a xente o que di sobre que se van construír aparcamentos alternativos, que se vai desenvolver a Unidade de Actuación 16, e di que lle parece recordar que é a 16, ou que se vai facer un convenio cunha parcela, cando en Ribados, hai catro días, o Sr. alcalde repetiu o argumento do 2018, e di que cre que tamén anteriores, de que se ían facer non sabe cantos aparcamentos alternativos, engadindo que esas cousas non se fan cando se empeza a obra senón que hai que facelas antes e planificar, e di que por iso insiste tanto na cuestión da planificación e de que vaia todo dialogado.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo, por todas as cuestións que vén de explicar, vaise abster na proposta que se presenta neste punto da orde do día.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que soamente quere dicir que no que respecta ás obras que se inclúen no Plan de Obras e Servizos da Deputación hai achegas de diferentes colectivos veciñais e dos propios veciños que ás veces se vén afectados, como no caso da rúa Cruces, na zona de Toroño, onde todavía hai un tramo sen asfaltar, unha reivindicación dos propios veciños, ou a mellora da intersección da que falou na súa intervención o Sr. Chouciño Garrido, unha obra inminente e necesaria para complementar a malla do que é a avenida de Vilaboa e di que, aproveitando o que dixo dito voceiro sobre a improvisación, nos proxectos que se presentan non hai improvisación ningunha e queda perfectamente definido o que se vai executar, podendo xulgarse se gustan máis ou gustan menos, pero, examinándoos con profundidade, pódese ver a calidade dos materiais que se van utilizar, que poden ser mellores ou poden ser peores segundo a entidade do propio proxecto, e que hai cousas que non dan lugar nin a terxiversacións nin a demagoxias nin a poder difundir cuestións que non se axustan á realidade do propio proxecto, non podendo discutirse algo que queda perfectamente definido.

Segue a dicir o Sr. alcalde que, polo que respecta ao parque da Sagrada Familia, hai unha reforma integral para a rexeneración da praza Sagrada Familia, da que o goberno municipal xa sabía que ía levar tempo porque supón un financiamento importante e que o que se indica desde os servizos técnicos municipais é que a actuación na propia praza ten unha perspectiva máis ampla que a que se fixo e di que no momento non lembra se a parte mencionada se fixo ou non pero si que o proxecto está perfectamente adaptado ás recomendacións que se fan desde os servizos técnicos municipais; di que na revisión do proxecto inicial melloráronse as calidades e fíxose un proxecto máis ambicioso.

Segue a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que, respecto ao comentado sobre o gasto corrente, como xa comentou noutras ocasións, todo o que vaia a gasto corrente detráese do propio gasto corrente do presuposto, que se traerá ao pleno nas vindeiras semanas, cando remate o periodo de participación dos cidadáns para que poidan

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

facер as súas achegas e, en todo caso, se no Plan de Obras e Servizos se meten 422.000 euros, iso significa que do presuposto municipal, 422.000 euros poden destinarse a outros investimentos que, ao mellor, pola súa urxencia, como xa explicou en reiteradas ocasións, é mellor que vaian no propio presuposto e non no Plan de Obras e Servizos pois, como saben todos os membros da Corporación, o dito plan pasa numerosos filtros na Deputación provincial e normalmente se soe licitar xa moi avanzado o ano; di que aínda que se leve retraso na aprobación do presuposto, vai ser máis axil poder licitar as obras incluídas no propio documento do orzamento, tanto as propostas polo goberno municipal como as que se poidan engadir polas propostas dos cidadáns; di que sobre o dito respecto dos remanentes, precisamente pola cantidade de remanentes que ten a Deputación provincial, os plans complementarios referidos permiten adiantar as obras e, se se fan incorporacións de remanentes nos meses de marzo, abril ou maio, sempre hai un pleno no que se contabilizan diferentes intervencións dos Concellos que piden poder adiantar obras que están nos plans complementarios; di que sucedeu noutros anos e que agarda que este ano tamén suceda así.

De seguido solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo político do BNG quen, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde-presidente dixo na súa intervención que o plan recolle propostas veciñais e o curioso é que o novo regulamento de participación cidadá, modificado polo goberno municipal, di que todas as propostas teñen que expoñerse na web e, a pesar de estar xa no mes de febreiro, non hai nada colgado na web referido a esas propostas polo que nin os membros da Corporación nin os veciños poden verificar se é certo ou non o que vén de dicir o Sr. alcalde; di que é moi curioso o importe do plan complementario, de case medio millón de euros, para o parque da Sagrada Familia, porque desta forma estase fiando a que existan remanentes para cubrir o plan complementario a unha soa obra, é dicir, que tería que haber remanentes por importe de case medio millón de euros, preguntando que pasa se non hai remanentes suficientes para cubrir esa obra; di que el entende que nese caso quedaría sen cubrir e pregunta se non sería máis sensato, dado que se fala de "un total de obras", facer un remanente cun catálogo de obras por exemplo de oito ou dez camiños rurais, con pequenos importes, e no momento en que se produzan remanentes na Deputación, e di que pódese poñer como exemplo un remanente de 150.000 euros ou de 200.000 euros, que non alcanzaría para a obra que vai nesta proposta como única, cun importe de case medio millón de euros, no caso de obras pequenas si se poderían cubrir.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que el pide explicación e quixera estar equivocado pero que ten tamén outra cuestión porque se destina á reforma do dito parque case medio millón de euros e para a reforma do parque chamado da igrexa de Vilaboa, feito hai pouco tempo, e do que di que todos saben como quedou e a que se limitou, destináronse pouco máis de 200.000 euros, engadindo que el refírese a isto cando di que se debería ter en conta máis a participación veciñal á hora de priorizar onde se inviste e como se inviste e con que cantidade se inviste porque a xente entende se se lle explica; di que sobre o tema do gasto corrente el molestouse en mirar as últimas contas aprobadas, as do 2020, e que a Conta xeral do 2020 di que a cobertura de gastos correntes por ingresos de xestión ordinaria supuxo en 2020 un 84%, o que quere dicir que sobra un 16% dos ingresos de xestión ordinaria (21 millóns en total) para cubrir todos os gastos de xestión ordinaria, que foron de 17 millóns, e agora o goberno municipal pide que se lle dea medio millón máis para ese fin, a pesar de quedar totalmente cuberto; di que no ano 2020 ao equipo de goberno lle sobrou do capítulo 2, gastos correntes, 1.334.056,57 euros, segundo a documentación da conta xeral, e que isto vén sendo así todos os anos e que por iso el insiste na falta de planificación porque que haxa partidas que recurrentemente teñan un sobranse de dito importe así o indica, e di que el ten unha explicación para a mala planificación do orzamento en canto ao gasto corrente e é que o Concello de Culleredo ten todos, ou case todos, os servizos sen licitar, dicindo o Sr. alcalde nalgunha ocasión que se se licitaban sairían máis caros; di que todo isto entra dentro do concepto de improvisación sobre o que el insiste e que quizáis necesite usar outro nome pois non sabe moi ben como definir esta situación que se está a dar de pagar as facturas segundo chegan, tanto as de xardinaria, como as da luz, a limpeza viaria, esta última cun contrato elaborado e colgado incluso no Diario da Unión Europea polo seu elevado importe desde hai case dous anos, preparado para ser sometido á mesa de contratación, sen que o equipo de goberno impulse esa tramitación; di que a todo iso se refire cando fala de improvisación e de ausencia de planificación e di que así non se constrúe o municipio, que así non se

7 de 12

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

constrúe Culleredo pois o único que consegue esta actuación é facer pequenas obriñas dilapidando os cartos públicos.

Continúa a falar o Sr. Chouciño Garrido e di que quere facer unha última aclaración, respecto de como se tramitan os plans complementarios, pois o Sr. alcalde di que confía en que se produzan os remanentes cos que conta pero no POS do 2020, di que cre recordar, ía no plan complementario a cuberta da pista polideportiva de Ledoño e segue sen facer a día de hoxe, polo que non sempre se producen todos os remanentes dos que fala o Sr. alcalde.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a pista de Ledoño ía efectivamente nun plan complementario e, nun momento en que se facía difícil a súa execución, desde a Deputación provincial propúxose que parte do plan complementario se podería destinar a gasto social polo que, dado o momento e a situación que se estaba a vivir, decidiuse que os 290.000 euros da polideportiva de Ledoño foran destinados a gasto social pois era moito máis necesario; di que a pista de Ledoño está presupostada na incorporación de crédito que se fixo no mes de outubro e que, unha vez que se incorporen os remanentes comprometidos, nos vindeiros meses, esa polideportiva poderá ser licitada en breve.

Segue a dicir o Sr. alcalde-presidente que tal como se explicou o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención poderíase dar a razón pero que o certo é que dos servizos que están sen contratar non se pon o importe do que se está a pagar senón o importe do que presumiblemente, á data de hoxe, vistas as necesidades recollidas nos anteprojectos dos pregos, podería custar dito servizo, é dicir, que a limpeza viaria, por poñer un exemplo, ten un prezo fixo todos os meses que non se corresponde co prezo da licitación polo que os que planifican o orzamento teñen que poñer o prezo real polo que se vai licitar o concurso e que por iso se dan esas diferencias a final de ano e pon como exemplo o feito de que se pode pagar un millón de euros pola limpeza viaria e o Concello ter que presupostar 1.800.000 euros que sería o prezo de saída deses servizos; di que con respecto ao plan complementario a información que deu é a que transmite a Deputación e a tendencia dos últimos anos, e que o ano pasado, pola situación que se deu, dito organismo informou da posibilidade de destinar os cartos presupostados para a polideportiva de Ledoño, que xa estaban aí, a gasto social, decidindo o goberno municipal que si era oportuno e moito máis necesario; di que, respecto da participación cidadá, neste momento estase nun periodo transitorio entre o anterior regulamento de participación cidadá e o actual no que se abriu un prazo para que os veciños poidan facer as súas achegas e dentro da parte porcentual do groso de investimento do Concello todavía hai contía suficiente para que os veciños poidan decidir parte dos investimentos que poidan existir.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións:catro (4), dos/as Sres/as: Rico Vereá, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H



**2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA RELATIVA A PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2022 (código de documento UCP16I006B), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2022). Xunto co POS+2022 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. A cantidade do POS+ADICIONAL 2022 asignada a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 é de 147.812,18 €.

Vistas as bases, propónse ao Pleno a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	147.812,18 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	147.812,18 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo-ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	103.012,18 €	0,00 €	103.012,18 €

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS</b>	

C.I.F. P-1503100-H

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	20.500,00 €	0,00 €	20.500,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	16.300,00 €	0,00 €	16.300,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>139.812,18 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>139.812,18 €</b>
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.  A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).  A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	<b>8.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>8.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>147.812,18 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>147.812,18 €</b>

C.I.F. P-1503100-H

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai votar a favor pero quere facer unhas aclaracións e unhas reflexións sobre este punto; di que o primeiro que quere apuntar é que o informe da xefa de servizos sociais que figura no expediente di o seguinte:

*“(.../...) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social que carecen de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, (.../...), e aqueles que consideren os servizos sociais municipais segundo o regulamento municipal vixente do que se prevé unha modificación no presente exercicio 2022 para incrementar o importe por axuda desde o actual, equivalente a 2 veces o IPREM ata 2,5 veces o IPREM (de 1158€ a 1448€ por axuda e familia)”*

O Sr. Chouciño Garrido di que Culleredo xa está tardando en facer a modificación do regulamento referida na parte do informe que vén de ler porque ao BNG cada vez lle chegan máis queixas dos servizos sociais de Culleredo e máis comentarios de necesidades ás que hai que darlles cobertura; di que Culleredo debe poñerse canto antes coa dita modificación e que o grupo político do BNG quere facer algunha achega aínda que non lle corresponde aos

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00P2</b>	<b>USG/2022/24</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M5N 4D6G 0I5Q 1G6D 0VTS	

grupos da oposición tomar a iniciativa, que farán se o goberno municipal, que é a quen lle corresponde, non o fai; di que o grupo político do BNG está totalmente de acordo con que se acheguen fondos adicionais para servizos sociais pero que cuestiona a capacidade do goberno municipal para facelos chegar a quen os precisa pois cada vez teñen máis queixas e a xente que acode aos membros do seu grupo fai comparacións con outros concellos e di que Culleredo sae sempre perdendo, habendo concordancia tamén en que facendo unha comparación de Culleredo no tempo tamén empeoraron os servizos sociais do municipio dun tempo a esta parte, deixando de ser uns servizos de referencia, incluso premiados nalgún tempo pola súa excelencia; di, dirixíndose ao Sr. Rioboo Castro, que o seu goberno presumiu de que o ano pasado tivo un superávit dun millón e medio de euros, de exactamente 1.669.596,35 euros, tendo o valor de transmitirle á prensa que o superávit era debido a unha gran xestión cando a realidade é que non é unha gran xestión porque non é normal que nun ano de pandemia, con tantas necesidades, sobren tantos cartos; di que non é normal nunca que sobren tantos cartos e moito menos nun ano coma o 2020; di que nas últimas contas aprobadas, na área de gasto 23, de servizos sociais, Culleredo tivo un remanente de 2.763.199,25 euros, sendo inexplicable que na política de servizos sociais sobren tantos cartos, preguntando que tipo de previsións fan os orzamentos e que capacidade teñen os membros do goberno municipal de poñer en marcha os proxectos de axuda tan necesarios porque os datos que se amosan indican que ningunha capacidade, polo que son moi benvidos os fondos da Deputación pero o grupo político do BNG témesse que ditos fondos irán a remanente e ao remate do exercicio volverán a presentar como un éxito o que será un fracaso máis.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que de todas as achegas que se fan desde servizos sociais aos cidadáns de Culleredo o 100% das que cumprían foron satisfeitas e que o feito de que haxa unha previsión superior ás necesidades ocasiona eses sobrantes pois pode aumentar a demanda nun momento determinado e o que non se pode é estar sen liquidez nestas cuestións; di que, en calquera caso, as achegas que se fan en servizos sociais son lei pois hai uns baremos que os profesionais dos servizos sociais cumpren estrictamente, como non pode ser doutro xeito, estando de acordo totalmente co que comentou o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención respecto do apremio que hai para facer o regulamento do que se falou, no cal poderán participar todos os membros da oposición e todos os veciños e veciñas de Culleredo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2022, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)